



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

**Descrición do Decreto: rectificación decreto n.º 924/2024 de data 09/12/2024 , relativo a APROBACION DE XUSTIFICACIONES E PAGO DAS AXUDAS APOIO AO ESTUDO 2024.
Exp: 2024/A002/000004**

D. XOAN XESUS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Logo de ver o informe de corrección de erros emitido pola educadora familiar e instructora do procedemento, asinado con data 20/01/2025:

"INFORMO

Que foi detectado un erro no procedemento e, por conseguinte, no resto de documentos que se veñen enumerando.

Con data 25 de novembro de 2024 remata o prazo de xustificación dos gastos subvencionados, segundo a base 11.1ª da convocatoria.

Segundo se fai constar no informe - proposta acerca das ditas xustificacións, 1 das 69 persoas solicitantes aos que lle fora concedida a axuda non presentou documentación algunha durante o prazo de xustificación establecida, sendo a dita persoa beneficiaria CRISTINA VAZQUEZ VILLAR, con DNI 78802311X.

Posta en contacto a dita beneficiaria coa instrutora do procedemento, con data 14 de xaneiro de 2025, manifesta ter entregado a dita documentación xustificativa en prazo no rexistro do concello de Arzúa.

Compróbase que a beneficiaria CRISTINA VAZQUEZ VILLAR efectúa dito rexistro con data 22 de novembro de 2024 e que, debido a un erro na súa tramitación, este non é distribuído á unidade tramitadora, non constando polo tanto no expediente da persoa beneficiaria nin no expediente de tramitación das Axudas de apoio ao estudo para o ano 2024.

Compróbase que a documentación xustificativa presentada pola persoa beneficiaria cumpre co establecido na base terceira e décima da convocatoria, sendo estes os que seguen:

" ARTIGO 4 – GASTOS SUBVENCIONABLES

Gastos de material escolar e complementario que sexa necesario como consecuencia da escolaridade dos niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Enténdese por material escolar:

- Material escolar funxible: libretas, folios, cores, lápiz, bolígrafos, carpetas, tinta de impresora...*
- Material complementario: compás, regras, estoxo, mochilas, libros de lectura, pendrive...*
- Material deportivo: chandal, tenis, camisetas, calcetíns*
- Roupas de abrigo e calzado*

11.2. – DOCUMENTACIÓN



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Para levar a cabo a xustificación da axuda, as persoas beneficiarias que figuren como concedidas na resolución definitiva deberán entregar a seguinte documentación:

- Impreso de xustificación (ANEXO III)
- Facturas dos gastos por adquisición dos conceptos subvencionables ou demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - Deberá constar o concepto de cada artigo e o seu prezo, non se admitirán conceptos xerais ou sen posibilidade de comprobación.
 - Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados a partires de agosto de 2024 e ata o derradeiro día do prazo de xustificación que se estableza, sendo sempre esta data correspondente ao ano natural 2024”

Tras a revisión dos documentos xustificativos por parte da educadora familiar do departamento dos servizos sociais comunitarios e segundo a información que obra no seu poder

FORMÚLASE

que CUMPRIU coas actividades subvencionadas a persoa solicitante nos seguintes termos:

| NOME E APELIDOS | DNI | CONTÍA CONCEDIDA | CONTÍA XUSTIFICADA |
|-------------------------|-----------|------------------|--------------------|
| CRISTINA VAZQUEZ VILLAR | 78802311X | 240€ | 252,70€ |

Exposto o dito erro

SOLICÍTASE

PRIMEIRO.- Que se proceda a rectificar o decreto n.º 924/2024 de aprobación de xustificacións e pago axudas de apoio ao estudo 2024 nos seguintes termos:

Eliminar o seguinte apartado:

“SEGUNDO.- Os seguintes solicitantes non presentaron ningún documento dentro do prazo de xustificación, decaendo o seu dereito a subvención concedida,

| Nº | NOME E APELIDOS |
|----|-------------------------|
| 1 | CRISTINA VAZQUEZ VILLAR |

Incluir a persoa beneficiaria no apartado

“PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios que xustificaron adecuadamente o gasto realizado, recoñecendo a correspondente obriga e ordenar o seu pagamento coa máxima celeridade. Os datos da relación aprobada son os seguintes:

(...)

| Nº | NOME E APELIDOS | CONTÍA A ABONAR |
|----|-------------------------|-----------------|
| 69 | CRISTINA VAZQUEZ VILLAR | 240€ |

SEGUNDO.- Dar conta aos servizos económicos para que se proceda a contabilizar o recoñecemento da obriga e a ordenación de pago, e



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

posteriormente que a Tesouraría Municipal, previamente á comprobación da non existencia de importes a compensar/débedas, embargos ou endosos a aplicar, proceda a efectuar o pagamento.”

Unha vez visto que no apartado SEGUNDO do decreto 924/2024 de aprobación de xustificacións e pago axudas apoio ao estudo 2024 do 09/12/1024 consta:

“SEGUNDO.- Os seguintes solicitantes non presentaron ningún documento dentro do prazo de xustificación, decaendo o seu dereito a subvención concedida,

| Nº | NOME E APELIDOS |
|----|-------------------------|
| 1 | CRISTINA VAZQUEZ VILLAR |

Debería eliminarse dito apartado e modificar a redacción do apartado PRIMEIRO, incluíndo o seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios que xustificaron adecuadamente o gasto realizado, recoñecendo a correspondente obriga e ordenar o seu pagamento coa máxima celeridade. Os datos da relación aprobada son os seguintes:

(...)

| Nº | NOME E APELIDOS | CONTÍA A ABONAR |
|----|-------------------------|-----------------|
| 69 | CRISTINA VAZQUEZ VILLAR | 240€ |

Esta alcaldía en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Corrixir o erro que constaba no decreto indicado, da seguinte maneira:

“PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios que xustificaron adecuadamente o gasto realizado, recoñecendo a correspondente obriga e ordenar o seu pagamento coa máxima celeridade. Os datos da relación aprobada son os seguintes:

(...)

| Nº | NOME E APELIDOS | CONTÍA A ABONAR |
|----|-------------------------|-----------------|
| 69 | CRISTINA VAZQUEZ VILLAR | 240€ |

SEGUNDO: Informar a Tesousería da corrección de dito erro

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

O alcalde

Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS

Dou fe, o secretario

Asdo.- ALFONSO M. ALCALA PEREZ